



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

(Aprobado polo Consello de Goberno do 30 de outubro de 2017)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) e no Regulamento marco de departamentos, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de novembro de 2016.

A regulación básica de organización e funcionamento do Departamento de Bioloxía fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e no Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG 26 de maio)– modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña–, así como pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa nos que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

TÍTULO PRELIMINAR: DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e a organización do Departamento de Bioloxía.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación ao Departamento de Bioloxía da Universidade da Coruña, constituído polas seguintes áreas de coñecemento: Bioloxía Celular; Bioquímica e Bioloxía Molecular; Botánica; Ecoloxía; Fisioloxía Vexetal; Microbioloxía; Xenética; e Zooloxía. Consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto sexan membros del.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. O Departamento de Bioloxía rexerese pola Lei orgánica de universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e polo presente regulamento de réxime interno.
2. En defecto do establecido no presente regulamento, aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
3. Contra as resolucións e os acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do departamento, poderase formular un recurso de alzada no prazo dun mes ante o reitor, cando se trate de resolucións do director, e ante o Consello de Goberno, cando sexan acordos do



consello de departamento, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile ante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

TÍTULO I: NATUREZA E FUNCIÓNS

Artigo 4. Natureza

Os departamentos son as unidades de docencia e investigación encargadas de coordinaren as ensinanzas dun ou varios ámbitos de coñecemento nun ou en varios centros, de acordo coa programación docente da universidade, de apoiar as actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

Artigo 5. Funcións

1. Son funcións dos departamentos:

- a) Organizar e desenvolver, nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, as ensinanzas propias da área ou áreas de coñecemento da súa competencia.
- b) Apoiar as actividades e iniciativas investigadoras do persoal adscrito á área ou áreas de coñecemento da súa competencia.
- c) Organizar e desenvolver estudos de doutoramento de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.
- d) Contratar con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
- e) Participar na elaboración de plans de estudo, no procedemento de selección do persoal docente e investigador e nos procesos de avaliación da calidade institucional.
- f) Calquera outra que lles asignen as disposicións legais vixentes e os Estatutos da universidade.

TÍTULO II: DA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DO DEPARTAMENTO

Artigo 6. Persoal pertencente ao Departamento de Bioloxía

O departamento agrupa o persoal docente e investigador da Universidade, funcionario e contratado, o persoal de investigación, bolseiros/as de investigación das áreas adscritas ao departamento, estudantes do ámbito da docencia de departamento e o persoal de administración e servizos que estea adscrito á Unidade de Apoio a Departamentos e a Investigación (UADI) da Facultade de Ciencias.

Artigo 7. Adscrición

A adscrición do profesorado ao departamento farase atendendo á convocatoria de cada praza. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordada polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos departamentos afectados. Ten asignada a Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI) da Facultade de Ciencias.



Artigo 8. Grupos de investigación

O departamento fomentará a constitución de grupos e redes de investigación en que participen os seu persoal investigador. As relacións entre o departamento e os grupos de investigación en que participen os seus membros acomodaranse á normativa que para este efecto dite o Consello de Goberno.

CAPÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Artigo 9. Órganos de goberno do departamento

Para o goberno, representación e administración do departamento establécense os seguintes órganos:

a) Colexiados:

- Consello de Departamento
- Comisión Permanente do Consello do Departamento

b) Unipersoais:

- Director/a de departamento
- Secretario/a de departamento

SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 10. Concepto

O Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno do departamento.

Artigo 11. Composición do Consello de Departamento e outras cuestións

1. O Consello de Departamento comporase:

- a) O director ou directora, que o presidirá e o convocará, e o secretario ou secretaria.
- b) Todas as doutoras e doutores vinculados/as por relación funcional, laboral ou bolsreira á universidade e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor/a a tempo completo integrados no departamento.
- c) Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e que suporá o 5%.
- d) Unha representación do estudantado do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28%.
- e) Un/unha representante do persoal de administración e servizos adscrito á UADI da Facultade de Ciencias.

2. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, segundo as proporcións sinaladas neste artigo.

3. En caso de cesamento de representantes aplicarase a normativa vixente na UDC.



4. Nos supostos de incremento do número de doutores/as e a súa incorporación ao Consello de Departamento, así como a do resto de membros cuxa porcentaxe dependa daqueles, deberase proceder segundo dispoña o Regulamento electoral da Universidade.

Artigo 12. Competencias do Consello de Departamento

Son competencias do Consello de Departamento:

- a) Elixir o/a director/a e, se for o caso, revogalo/a.
- b) Programar as actividades docentes e eventualmente investigadoras do departamento, elaborar o seu plan de organización docente e propor os programas de doutoramento.
- c) Formular as demandas do persoal docente e investigador.
- d) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- e) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.
- f) Propor nomeamentos de doutores/as *honoris causa*.
- g) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.
- i) Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas.
- j) Calquera outra competencia que lle for asignada polas disposicións legais vixentes e polos Estatutos da UDC.

Artigo 13. Funcionamento do Consello de Departamento.

1. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, unha vez ao semestre, e sempre que o/a director/a o convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos seus membros, en cuxo caso a sesión se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.
2. A orde do día das sesións será fixada polo/a director/a tendo en conta, se for o caso, que calquera dos membros do Consello de Departamento poderá solicitar a inclusión nela dun punto. En tal caso, ese punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicitase antes de ter enviada a convocatoria.
3. A convocatoria será efectuada polo/a secretario/a do departamento, por orde do/a director/a ou de quen legalmente o/a substitúa. As convocatorias serán cursadas polo/a secretario/a, coa antelación mínima de dous días hábiles a través de medios electrónicos, e debe incluír a data, hora, lugar de realización da sesión, e, de ser o caso, o sistema de conexión para a asistencia a distancia, así como a orde do día.
4. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse convocar ás sesións do pleno ou, se for o caso, ás dalgunha comisión aquelas persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
5. As sesións extraordinarias do Consello de Departamento están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse



con só 1 día hábil de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

Artigo 14. Constitución

1. O Consello do Departamento poderase constituír e realizar as súas sesión tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se produzan as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento, requirirase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia de, polo menos, a metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este *quórum*, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

Artigo 15. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza ante o/a secretario/a do departamento.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 13.4.

Artigo 16. Votacións e adopción de acordos

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto mediante o voto favorable da maioría. Tampouco se poderán adoptar acordos nos puntos da orde do día correspondentes a informes ou suxestións e preguntas.
2. Os acordos serán adoptados pola maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións, agás, naqueles supostos en que se esixa legal ou regulamentariamente maioría absoluta ou cualificada. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a director/a.
3. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de máximo dous días hábiles que conta desde o remate da sesión.



4. As votacións poderán realizarse por asentimento por proposta do/a director/a do departamento, a man alzada, pública por chamamento ou secreta. O/a director/a do departamento decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser empregada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non suscitaren oposición de ningún membro deste e ningún membro requirise ningunha outra forma de votación.
5. Para os asuntos específicos dunha área de coñecemento terase en conta a proposición da área correspondente sempre que non lesione os intereses lexítimos doutra/s área/s.
6. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.

Artigo 17. Actas

1. O secretario ou secretaria redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias xustificadas, a orde do día, o lugar e tempo da reunión, referencia sucinta das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.
2. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario/a da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e a autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do consello.
3. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello de Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala o/a director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, o cal así se fará constar na acta ou unirase copia a ela.
4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días hábiles, que se incorporará ao texto aprobado.
5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, aínda que o/a secretario/a poderá emitir unha certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Artigo 18. Comisión Permanente do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento poderá crear unha comisión permanente, en que delegará o exercicio das súas competencias, agás aquelas que non poidan ser obxecto de delegación.
2. Os acordos que adopte a Comisión Permanente relativos a competencias delegadas polo Consello de Departamento serán comunicados a este na primeira sesión ordinaria que se realice.



3. Na Comisión Permanente deberán estar representados todos os sectores da comunidade universitaria que forman parte do Consello do Departamento.
4. A Comisión Permanente estará formada por un representante de cada área de coñecemento, dous alumnos e un representante do persoal de administración e servizos. O/a director/a e o/a secretario/a actuarán como representantes das súas respectivas áreas. En caso de que ambos pertencen á mesma área de coñecemento, o/a secretario/a actuará con voz pero sen voto.
5. A Comisión Permanente estará encargada da resolución dos asuntos de trámite, así como de todas aquelas funcións que o Consello de Departamento expresamente lle delegue.
6. No seu funcionamento rexeráse polas mesmas normas recollidas nos artigos 13 a 17 do presente regulamento.

Artigo 19. Outras comisións

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e/ou asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composicións.

SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 20. Do/a director/a do departamento

1. A dirección do departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar o departamento.
2. O/a director/a do departamento é nomeado/a polo reitor, logo da elección polo Consello de Departamento entre o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo.
3. De non se poder efectuar o nomeamento do/a director/a do departamento por falta de candidatos/as que reúnan os requirimentos esixidos, e unha vez oído o Consello de Departamento, o reitor encargará provisionalmente as funcións de dirección a un/unha dos/as profesores/as do departamento.
4. A duración do mandato será de catro anos e só se poderá presentar a unha única reelección.
5. O/a director/a de departamento cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentarmente se establezan.
6. En caso de ausencia por permiso de docencia e/ou investigación, as funcións de director/a do departamento serán cubertas polo PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo que designe.
7. En caso de ausencia sobrevida, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo membro do PDI adscrito ao departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade.
8. A elección do/a director/a de departamento rexeráse por un regulamento elaborado e aprobado polo Consello de Goberno.



Artigo 21. Funcións do/a director/a do departamento

Correspóndelle ao/á director/a de departamento:

- a) Exercer a representación do departamento.
- b) Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos.
- c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- d) Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do departamento.
- e) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos estatutos.
- f) Executar as previsións orzamentarias.
- g) Propor ao/a reitor/a o nomeamento, de entre o profesorado adscrito ao departamento, do secretario/a do departamento.
- h) Formar parte da Comisión de Selección do Persoal Docente e Investigador Contratado, no caso de que a praza se adscriba ao seu departamento.
- i) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os estatutos da UDC.

Artigo 22. Do/a secretario/a de departamento

1. O/a secretario/a do departamento será nomeado polo reitor, por proposta do/a director/a do departamento de entre o profesorado e axudantes do departamento con dedicación a tempo completo.
2. O/a secretario/a redactará as actas das sesións, custodiará a documentación e expedirá certificacións.
3. Exercerá, así mesmo, calquera outra función que lle delegue o/a director/a de departamento ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.
4. O/a secretario/a de departamento cesará por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta do/a director/a do departamento.
5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído/a polo membro do consello que decida o/a director/a, que reúna na súa persoa a condición de profesor/a ou axudante.



TÍTULO III. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

Artigo 23. Creación

1. Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do departamento, o Consello de Goberno poderá crear sección departamentais cando así o aconsellen razóns xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao departamento.

Artigo 24. Organización

1. Cada sección deberá contar cun número mínimo de tres PDI.
2. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que terá dereito a unha redución da súa carga docente con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro en que imparta docencia, sempre e cando a sección conte con dez ou máis membros do PDI permanente a tempo completo, incluído quen teña compromiso de permanencia.

Artigo 25. Competencias

- a) Propor ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos. A proposta de convocatoria inclúe, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
- b) Propor ao Consello o plan de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.

TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE DOCENTE

Artigo 26. Principios xerais

O departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudiantado e á preparación para o exercicio de actividades profesionais.

A docencia é un dereito e un deber do persoal docente e investigador do departamento e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da Universidade da Coruña.

O departamento é o responsable da docencia de acordo cos plans de estudos das distintas titulacións en que imparta o seu ensino e o plan de ordenación docente aprobado polo Consello de Goberno.

O departamento está obrigado a garantir o ensino adscrito ás áreas de coñecemento que o integran. En caso necesario, o Consello de Departamento arbitrará as medidas oportunas que garantan a docencia ante situacións de urxencia.

Artigo 27. Organización docente

1. O Consello de Departamento, con carácter anual e antelación suficiente respecto ao comezo do seguinte curso académico, deberá polo menos:

- a) Fixar, revisar e publicar as guías docentes de cada materia en que se especificarán aqueles epígrafes que así o consideren os órganos de goberno da UDC.



- b) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado.
- c) Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno.

2. O Consello de Departamento planificará as actividades docentes do profesorado visitante e emérito, que poderán estar dirixidas principalmente á docencia en seminarios, cursos monográficos ou de especialización.

TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

Artigo 28. Principios xerais

1. O departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento. E, para tal efecto, promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da investigación, así como a formación dos/as seus/súas investigadores/as.
2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Recoñécese e garántese, no ámbito do departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva.
3. Os departamentos apoiarán programas de investigación onde se recollerán as liñas de investigación, os proxectos e mais os recursos de persoal e material necesarios.

TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 29. Recursos económicos

1. Para a realización das actividades docentes e investigadoras o Departamento de Bioloxía dispón:
 - Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
 - Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
 - Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno do departamento velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a este. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos a el, e será supervisada pola dirección do departamento.

Artigo 30. Competencias en materia económica

O Consello de Departamento adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do departamento que serán destinados ao funcionamento deste e á atención das tarefas docentes e investigadoras das áreas de coñecemento que o integran.

Corresponde á dirección do departamento:

- a) Elaborar e presentar anualmente ao Consello de Departamento, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do departamento no seu conxunto coa distribución o máis pormenorizada posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercicio económico seguinte.



b) Elaborar e presentar anualmente ao consello, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do departamento no seu conxunto, distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto unha vez rematado cada exercicio económico.

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 31. Iniciativa de reforma do regulamento

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentárase mediante un escrito motivado dirixido ao/á director/a.

Artigo 32. Tramitación de reforma do regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo, convocarase unha sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntáranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

Artigo 33. Aprobación da proposta de modificación do regulamento

Para a modificación do regulamento requírase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA. Derrogatoria

Queda derrogados os anteriores regulamentos internos dos departamentos de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía e mais o de Bioloxía Celular e Molecular.

SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro da Sede Electrónica da Universidade da Coruña